**¡¡¡A CARANZA TOD@S¡¡¡**

Nova fin de semana de competición para casi todos os conxuntos do Numancia. Visitas compricadas a Ferrol para modestos e xuvenís; namentras que os cadetes e os infantís xogan en Prados Vellos. Analizamos.

**MODESTOS:** Visitan na 9ª xornada da 2ª Autonómica ó Galicia de Caranza. Será un partido no que tanto os locais como os numantinos buscarán a vitoria para non descolgarse dos postos de cabeza da clasificación. Aínda e cedo para falar de finais; pero a competición avanza e os partidos ante rivais directos sempre son importantes. Marea Vermella o domingo no Municipal De Caranza a partires das 16:15. ¡¡¡Prohibido faltar¡¡

**XUVENÍS**: Na 11ª xornada de Liga visitan as instalacións de A Gándara para xogar ante o EF Ensanche. Mídense dous equipos da parte media da clasificación que non tiveron sorte nin acerto nos seus últimos compromisos ligueiros. Toca polo tanto, cambiar esa sorte para o Numancia xuvenil. Loitarán por facelo o sábado a partir das 11:30 no campo de herba artificial de A Gándara.

**CADETES**: Na 10ª xornada e penúltima de Copa deberán vencer ó Portuarios "B" en Prados Vellos para seguir tendo opcións de xogar a final de Copa. Intentarán facer os deberes mirando sempre de reollo ó Cedeira. Será o sábado as 16:15 cando tod@s temos unha cita cos cadetes en Prados Vellos.

**INFANTÍS:** Reciben na penúltima xornada de Copa o CD San Sadurniño. Novo partido para seguir formándose e progresando con vistas a un futuro cercano algo mais competitivo. Cita cos infantís do Numancia o sábado as 11:00 en Prados Vellos.

**FÚTBOL - 8**: Os alevíns visitan o venres as 18:45 os campos de A Malata para xogar a penúltima xornada da Fase Previa ante o EF Racing Ferrol "C". Os benxamíns inician a Liga do grupo 2 recibindo a SD O Val o venres a partires das 18:30 en Prados Vellos. Os prebenxamíns descansan nesta xornada.

**BIBERÓNS**: Disfrutarán dunha nova xornada do Torneo AFACO de fútbol - 8 recibindo o Cultural Maniños o venres as 17:30 en Prados Vellos; xusto antes do partido dos benxamíns.

Chega unha fin de semana con festa do fútbol - 8 o venres en Prados Vellos. O sábado día intenso de fútbol en Prados Vellos con infantís e cadetes.

Pero o domingo, estamos tod@s obrigados a viaxar ata Caranza. Os modestos últimamente non carburan como ó principio da temporada; e nestos momentos de atasco e cando mais necesitan a Marea Vermella. ¡¡¡¡Non faltedes¡¡¡

¡¡¡O Numancia somos todos¡¡¡

O martes pasaremos nota e miraremos se os equipos do Numancia pasaron a ITV.

¡¡¡AÚPA NUMANCIA¡¡¡